

## COMUNICADO ADESTRAMENTO FEDERADO

Para estar cuberto nos accidentes deportivos (seguro médico accidentes deportivos) durante un adestramento será necesario comunicalo **previamente** na zona privada de federado ([www.fgmoto.org](http://www.fgmoto.org)) durante a mesma semana na que se realiza o adestramento. Debe indicarse no apartado observacións, lugar, especialidade do entreno e data.

[http://www.fgmoto.net/ZonaPrivada/privada\\_Entrar.html](http://www.fgmoto.net/ZonaPrivada/privada_Entrar.html)

→ Nova Inscripción → Individual → Adestramentos comunicado  
Exemplo: 06/08/2020 Circuito A Madelana-Forcarei – MiniGp.

Nas modalidades nas que non se adestre en circuito ou area permanente, deben detallar area xeografica, o mais exacta posible. Só cubre os danos físicos do piloto na práctica do adestramento deportivo, excluído calquera accidente na vía pública, entre vehículos, ou a responsabilidade civil.

O adestramento non estará cuberto polo seguro senón se realiza nas condicións de seguridade exixidas no regulamento da especialidade. Non se expedirá parte se o adestramento non foi previamente comunicado. É recomendable que sexan os propios clubs ou responsables dos circuitos os que creen o calendario de adestramentos para una mellor coordinación destas actividades. Os adestramentos dos menores deben estar tutelados por un adulto a cargo.

**Licenza HOMOLOGADA RFME:** Válida para Ctos. de España e en todo territorio nacional en probas e adestramentos federados comunicados en zona privada de federado na mesma semana na web [fgmoto.org](http://fgmoto.org)

**Licenza Galega:** Válida para Ctos. Galegos e en todo territorio nacional en probas federadas (excepto nas probas de cto. de España) e adestramentos federados comunicados na zona privada da web [fgmoto.org](http://fgmoto.org)

**Licenza Social:** Válida para probas sociais celebradas en Galicia. Non puntúa para os campionatos, non válida fora de Galicia. Válida para adestramentos comunicados na zona privada de federado web [fgmoto.org](http://fgmoto.org)

**Licenza Xogade Infantil:** Válida para probas celebradas en Galicia. Puntúa para os campionatos, non válida fora de Galicia. Válida para adestramentos comunicados na zona privada de federado web [fgmoto.org](http://fgmoto.org).